

SOCIAIS. TEMA 4. (PARTE I SEN DAR).

O GOBERNO DE ESPAÑA.

A Constitución.

A Constitución española é a lei xeral que nos **indica cales son os dereitos e os deberes de todos os españois.**

Foi aprobada o 6 de decembro de 1978.

Nela defínese España como un **Estado democrático**, cuxa **soberanía reside no pobo** e que está organizada politicamente como unha **monarquía parlamentaria.**

As institucións do Estado establecidas na Constitución son: o **xefe do Estado**, o **Goberno central**, as **Cortes xerais** e os **tribunais de xustiza.**

O xefe do Estado.

O Estado español ten como forma política a monarquía parlamentaria e o seu **xefe é o rei.** As súas funcións principais son: **representar a España**, **asinar as leis** e **exercer o mando das Forzas Armadas.**

O Goberno central.

O Goberno central é a institución que dirixe o Estado, e constitúe o **poder executivo.** A súa misión é **facer que se executen as leis**, **defender o Estado** e **xestionar os asuntos públicos** (educación, sanidade, etc.).

Está formado polo **presidente**, elixido polo Congreso dos Deputados e **que dirixe e coordina o Goberno;** e varios **ministros**, propostos polo presidente e **que colaboran con el en distintas áreas** como a educación, a sanidade, a economía, a cultura, etc.

As Cortes xerais.

As Cortes xerais encárganse de **elaborar e aprobar as leis**, e **controlar o Goberno.** Constitúen o **poder legislativo.** Están formadas polo **Congreso dos Deputados (350)** e o **Senado (266)**, **elixidos polos cidadáns nas eleccións xerais.**

Os tribunais de xustiza.

Asumen o **poder xudicial.** Encárganse de **facer cumprir as leis e xulgar**, e poden impoñer sancións ou castigos aos que as incumpren. Están constituídos por **xuíces e maxistrados.** Os principais son o **Tribunal Supremo** e o **Tribunal Constitucional.**

1. Que é a Constitución? Cando foi aprobada?
2. Que institucións do Estado establece a Constitución?
3. Cal é a misión do Goberno central? Por quen está formado?
4. Que órganos exercen o poder legislativo?
5. Quen exerce o poder xudicial?